

INTERVENCION

LVP/ccg

Refª: ispac4832103338469502767.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 51-2024. ArdeLucus 2024

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA (TC 51/2024) MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO PARA DAR COBERTURA AS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DERIVADAS DE GASTOS REALIZADOS DURANTE AS FESTAS DO ARDE LUCUS 2024

1.- Vista providencia da sección de Xuventude, asinada pola súa xefa de sección, María José Pena Lage, o 07.10.2024, coa conformidade do concelleiro delegado de Xuventude e Deportes, Jorge Bustos Atanasio, de solicitude de tramitación de modificación orzamentaria mediante a modalidade de transferencia de crédito, por un importe total de 73.000 €, dentro do vixente orzamento do exercizo 2024 para dar cobertura ás obrigas de carácter económico derivadas de gastos realizados durante as festas do Arde Lucus 2024.

2.- Vista a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento Xeral para dar cobertura ás mencionadas obrigas.

3.- Visto informe da Intervención Xeral Ref.: 2024/1447, do 15.10.2024, de carácter desfavorable, e no que se conclúe o seguinte: *"Vense advertindo pola Intervención de xeito reiterado nos últimos tempos sobre a evolución negativa dos principais indicadores e magnitudes económico-financeiras do Concello, e da necesidade de adoptar medidas de contención do gasto non obrigatorio. Por tanto, con independencia de que esta ou sucesivas modificacións de crédito desta tipoloxía sexan viables dende o punto de vista formal do cumprimento da normativa, vense recomendando analizar pormenorizadamente polos órganos xestores a necesidade real de levalas a cabo, no senso de que implicarán a realización dun gasto que doutro xeito podería non executarse, permitindo un aforro, podendo ser indicativas tamén de que se sobrepasaron as previsións orzamentarias en determinadas áreas ou materias neste momento do ano, o que debería merecer unha reflexión máis profunda por parte dos xestores antes de propoñelas.*

Pois ben, atopámonos neste caso cunha clara inobservancia polo órgano xestor de calquera das recomendacións expostas no parágrafo anterior, de xeito que en troques de tratar de realizar unha contención de gasto, presenta actuacións xa executadas por un total cando menos de 73.000,00 €, que se fixeron por encima das previsións orzamentarias, e para as que no momento de desenvolverse non existía consignación para levalas a cabo, vulnerando o disposto no artigo 173.5 do TRLRFL, e vulnerando tamén a normativa interna para tramitación de contratos menores, o que orixinará os oportunos reparos no momento en que se tramiten as facturas correspondentes.

*Por todo o anterior evidentemente aínda que **formalmente poda tramitarse a modificación nos termos propostos, pois se cumpre cos requisitos legais**, dende o punto de vista do contido e o fondo merece un informe desfavorable do que subscribe.*

En todo caso, tratándose de control financeiro, calquera que sexa o senso do informe non suspende a tramitación do expediente"

Firmado por: ***539*** - MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO (FECHA: 2024-10-30 09:46:40.00)

CVD: lAmsfhThkur5rcp+Hk6

Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Nº de decreto/resolución: 10173/2024

INTERVENCION

LVP/ccg

Refª: ispac4832103338469502767.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 51-2024. ArdeLucus 2024

4.- Visto informe complementario da Sección de Xuventude, do 25.10.2024, no que se pon de manifesto o seguinte:

"Os recursos económicos para a organización do Arde Lucus realízase en base o presuposto municipal e a firma de convenios. Debido a escasez de persoal do departamento , a falta de un equipo de traballo multidisciplinar, a tramitación de convenios realízase solapadamente ca organización da festa. Isto supón que a colaboración económica a través de convenios realízase o mesmo tempo que os gastos, ocorrendo nalgúñas ocasións que convenios que tiñas previsto finalmente non realicen ou se realicen con posterioridade a celebración da festa e con cuantías inferiores as inicialmente previstas.

Según a Orden ICT/851/2019, de 25 de julio, pola que se regula a declaración de festas de interese turístico nacional e internacional , os requisitos para adquirir dita declaración pódense revocar según o art 13 de dita orden por

" 1. La declaración como fiesta de interés turístico nacional o internacional tendrá vigencia indefinida mientras se mantengan las condiciones determinantes de su concesión.

2. Mediante resolución motivada y previa instrucción del correspondiente expediente, la declaración como fiesta de interés turístico nacional o internacional podrá ser retirada por la administración concedente, cuando la fiesta haya dejado de cumplir alguno de los requisitos que la presente orden exige para su declaración " o que obliga a manter un nivel de calidade da festa nos aspectos sinalados na Orde mencionada anteriormente"

É certo que se ven advertindo pola Intervención Xeral de xeito reiterado nos últimos tempos sobre a evolución negativa dos principais indiadores e magnitudes económico-financeiras do Concello, e da necesidade de adoptar medidas de contención do gasto non obrigatorio. Neste caso, e vista a xustificación sinalada no informe da sección de Xuventude, que pon de manifesto a escaseza de medios para poder tramitar en prazo tódalas actuacións relativas ao Arde Lucus (contratos, convenios, facturación), pola magnitude que nos últimos anos está a cobrar esta celebración, e ante o prexuízo económico que se causaría aos provedores dos servizos realizados durante as Festas de interese turístico nacional ARDE LUCUS 2024, de non darlle pronta cobertura económica, enténdese de xeito extraordinario que é preciso aprobar o presente expediente de modificación de crédito, para o que se cumpren os requisitos legais, e habilitar para o ano 2025 os medios precisos para que non volva a ter lugar esta situación.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos (TC 51/2024) a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 73.000,00 €, para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto (RCMOD Ref.: 67119/2024):

APLICACIÓNS		APLICACIÓNS	C.P.	
-------------	--	-------------	------	--

INTERVENCION

LVP/ccg

Refª: ispac4832103338469502767.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 51-2024. ArdeLucus 2024

ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO	IMPORTE €	ORZAMENTARIA S QUE INCREMENTAN CRÉDITO		IMPORTE €
33700.22799	73.000,00 €	33802.22609	243380201	73.000,00 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	73.000,00 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO		73.000,00 €

SEGUNDO: Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.